

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*ORDE do 18 de febreiro de 2013 pola que se delega a Presidencia do Padroado da Escola Universitaria de Enfermaría do Meixoeiro, dependente desta consellería.*

O Decreto 242/2008, do 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade, atribúelle no seu artigo 6.a) a Presidencia do Padroado destas escolas á conselleira de Sanidade, ou persoa en quen delegue.

Así, mediante a Orde do 14 de xaneiro de 2009, fíxose efectiva aquela posibilidade de delegación, atribuíndollela aos entón delegados provinciais da Consellería de Sanidade (actuais xefes/as territoriais).

Posteriormente, por Orde do 3 de setembro de 2009, delegouse nos titulares das xerencias dos complexos hospitalarios da Coruña e Ourense a Presidencia dos padroados das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade na Coruña e Ourense, respectivamente.

Tendo en conta as delegacións xa realizadas e os criterios organizativos consecuencia das estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, aprobadas polos decretos 310 e 311/2009, respectivamente, cómpre adaptar as delegacións ás necesidades organizativas e operativas actuais, en relación ao correcto exercicio das funcións atribuídas polo Decreto 242/2008, do 9 de outubro, antes citado.

Na súa virtude, no uso das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; e de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como no artigo 6 do Decreto 242/2008, do 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade,



## DISPOÑO:

## Artigo único

Delegar na persoa titular da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo a Presidencia do Padroado da Escola Universitaria de Enfermaría do Meixoeiro de Vigo, dependente da Consellería de Sanidade.

## Disposición derogatoria

Queda derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido nesta orde.

## Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2013

Rocío Mosquera Álvarez  
Conselleira de Sanidade

